

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**1789** *Real decreto 46/2019, do 8 de febreiro, polo que se regula a pesca de atún vermello no Atlántico Oriental e no Mediterráneo.*

O Real decreto 71/1998, do 23 de xaneiro, polo que se regula o exercicio da pesca de túnidos e especies afíns no Mediterráneo, contén a regulación do atún vermello (*Thunnus thynnus*) e as medidas de xestión desta pesqueira no mar Mediterráneo.

A dita regulación completouse coa Orde APM/264/2017, do 23 de marzo, pola que se regula a pesqueira de atún vermello no Atlántico oriental e no Mediterráneo.

A Comisión Internacional para a Conservación do Atún Atlántico (CICAA) é a responsable de establecer as normas para o exercicio da pesqueira de atún vermello no ámbito internacional.

Pola súa parte, o Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de setembro de 2016, relativo a un plan de recuperación plurianual para o atún vermello do Atlántico oriental e o Mediterráneo e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 302/2009 do Consello, establece os principios xerais de aplicación pola Unión Europea deste plan establecido pola CICAA.

Adicionalmente, o Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, ten como obxectivo fundamental garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sustentables ambientalmente a longo prazo e se xestionen de forma coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego, e de contribuír á dispoñibilidade de produtos alimenticios. Para isto, dispón de instrumentos de xestión, como a fixación de posibilidades de pesca asignadas aos Estados membros, que garantirán a estabilidade relativa de cada un deles en relación con cada poboación de peixes ou pesqueira.

Igualmente, este regulamento fixa as medidas de conservación e explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños que poderán establecerse para alcanzar o obxectivo fundamental da política pesqueira común. En concreto, o artigo 7.1.b) permite o establecemento de obxectivos para a conservación e a explotación sustentable das poboacións e as medidas conexas para minimizar a repercusión da pesca no medio mariño, mentres que o artigo 7.1.j) permite adoptar diversas medidas técnicas, entre as que se encontran as vedas zonais ou temporais, para efectos de conservación.

A situación biolóxica da poboación de atún vermello fixo necesario adoptar un plan de recuperación en 2006, que foi modificado en varias ocasións e entre cuxas medidas destacan a obriga de que cada Estado membro elabore un plan de pesca anual para as almadrabas e os buques que capturen atún vermello, asignación e adecuación das posibilidades de pesca á capacidade existente, restricións nas épocas autorizadas de pesca, tamaños mínimos, portos autorizados e outras medidas de control. Así mesmo, esta norma recolle a obriga de asignar unha cota específica para a pesca de recreo e deportiva.

Tendo en conta os últimos informes científicos emitidos polo Comité Permanente de Investigación e Estatísticas da CICAA que indican signos de recuperación desta poboación, na súa reunión de 2017 a CICAA adoptou a Recomendación 2017/07 para emendar a Recomendación 14-04 da CICAA sobre o atún vermello no Atlántico leste e Mediterráneo. Esta modificación establece un total admisible de capturas (TAC) para 2018 de 28.200 toneladas, en 2019, 32.240 toneladas e en 2020, 36.000 toneladas.

Por isto, mediante o presente real decreto recóllese, dentro da normativa interna española, as novas medidas emanadas de CICAA e revísanse os procedementos

establecidos até o momento para a asignación de cotas e a transmisión das posibilidades de pesca, de modo que permita ás frotas que se viron afectadas polas diferentes medidas restritivas no pasado reducir as súas capturas e mesmo abandonar a actividade. Así, intégranse nun único instrumento xurídico as disposicións relativas ao atún vermello do Real decreto 71/1998, do 23 de xaneiro, que agora se derrogan, xunto co contido da Orde APM/264/2017, do 23 de marzo, que se derroga na súa totalidade, o que se complementa coas disposicións do Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de setembro de 2016, de directa aplicación.

Do mesmo modo, a Recomendación CICA 2017/09, para facilitar a aplicación do programa electrónico de documentación de capturas de atún vermello (sistema eBCD, na súa sigla en lingua inglesa: Electronic Bluefin Tuna Catch Document Programme), recolle as normas específicas sobre a documentación que debe acompañar as capturas realizadas desta especie co fin de identificar a orixe de calquera atún vermello para apoiar a execución das medidas de conservación e ordenación recollidas no Plan de recuperación plurianual. Para dar cumprimento a esta obriga é aplicable o Regulamento (UE) n.º 640/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2010, polo que se establece un programa de documentación de capturas de atún vermello (*Thunnus thynnus*) e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1984/2003 do Consello.

No noso dereito interno, a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, regula no capítulo IV do título I a xestión das actividades pesqueiras, establecendo os requisitos xerais para o exercicio da actividade pesqueira e permitindo a creación de censos específicos para a xestión e distribución das posibilidades de pesca.

En concreto, o artigo 27 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, establece como medida de xestión da actividade pesqueira que o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá dispor a distribución das posibilidades de pesca entre buques ou grupos de buques habituais nunha pesqueira, co obxecto de mellorar a xestión e o control da actividade pesqueira.

Por outra parte, o artigo 31 da citada lei dispón que, para a xestión das posibilidades de pesca, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de consulta ao sector afectado e ás comunidades autónomas implicadas, poderá regular plans de pesca para determinadas zonas ou pesqueiras que prevexan medidas específicas e singulares, cuxa excepcionalidade respecto á normativa xeral veña xustificada en función do estado dos recursos, logo de informe do Instituto Español de Oceanografía.

Até 2017 a distribución das posibilidades de pesca efectuouse de acordo cos criterios que recollen o artigo 27 da lei nos seus números 3 (historicidade, características técnicas e demais parámetros) e 4 (modulación socioeconómica), en consonancia co artigo 8 do Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de setembro de 2016, en relación co artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013.

A repartición da cota española, dentro do marco dun plan de recuperación e, por tanto, nun contorno de restrición que agora desaparece, asignouse na súa maioría ás frotas que presentaban unha maior dependencia da especie, isto é: frota de cebo vivo do Cantábrico, frota do caladoiro Cantábrico noroeste, frota de canas e liñas de man do Estreito, frotas de palangre e liña de man do Mediterráneo, frota de cerco do Mediterráneo e as almadrabas.

As demais frotas que tiveron acceso libre ao recurso nos anos anteriores a 1998 fóronse integrando mediante diferentes modificacións ao longo dos últimos anos e segundo se recuperaba a biomasa de atún vermello e se flexibilizaban as medidas no plan de recuperación.

Estas frotas que non se incluíron na primeira repartición de cota foron a frota con base en Canarias, a frota de artesanais do Mediterráneo e a frota artesanal do Estreito de captura limitada, que desfrutaron de cotas complementarias ás procedentes do fondo de manobra que se arbitrou mediante o artigo 5 da Orde APM/264/2017, do 23 de marzo, pola que se regula a pesqueira de atún vermello no Atlántico oriental e no Mediterráneo.

Coa recuperación da poboación e dado que os niveis de captura potenciais se estableceron no horizonte próximo en cantidades superiores ás que se usaron na primeira

repartición, cómpre buscar un reequilibrio nas cotas asignadas ás froas que non participaron como froas de actividade dirixida na primeira repartición, malia teren habitualidade no pasado, e as froas que presentaban unha alta dependencia e que si participaron naquela primeira repartición.

Esta integración debe manter a estabilidade relativa entre as froas clásicas para non romper o desexable equilibrio entre elas. Por isto, aplícase o criterio baseado na actividade pesqueira desenvolvida historicamente integrado no artigo 27.3.a) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, que require coñecer as cantidades que capturaban de media as froas afectadas no transcurso do plan de recuperación da CICAA.

Para aplicar este criterio, a Administración encóntrase ante unha serie de dificultades á hora de establecer un período de referencia para o cómputo de capturas xa que os cambios relatados con anterioridade deron lugar a que exista unha grande oscilación nas capturas de cada unha das froas. Tampouco existe un período uniforme en que estivesen todas estas froas pescando ao mesmo tempo, polo que non é posible dispor de anos máis ou menos homoxéneos. Por isto, optouse por buscar unha referencia histórica nos anos en que cada un daqueles sectores non tiña restrición no seu acceso á pesqueira para reflectir mellor a súa verdadeira actividade e captura.

Para ese fin e dado que na base de datos da Secretaría Xeral de Pesca non hai unha información completa da actividade desas froas en anos en que non existía unha obriga de declaración de capturas para froas na súa maioría de tipo artesanal, recorreuse á base de datos da CICAA. Esta base foi elaborada coa información dispoñible no Instituto Español de Oceanografía no seguimento das pesqueiras de túnidos en períodos nos cales, como se sinalou, a obriga de declaración de capturas non afectaba a maioría dos buques en cuestión. Por isto, aínda que os datos dispoñibles non reflectan a actividade individual de buques concretos si son unha fonte segura da actividade realizada polas froas que foron obxecto de seguimento.

Con base nos datos recompilados entre os anos 1965 e 1981, estableceuse que a frota con base en Canarias capturou unha media de 514,18 toneladas e a partir de entón as súas capturas baixaron como consecuencia do descenso na presenza do atún ao se ter xa iniciado a redución da biomasa. Estas toneladas son as que se corresponderían cos buques orixinarios das Illas tras descontar as posibles cantidades capturadas polos buques da Península que pescaron no arquipélago nos anos 60 e 70.

Pola súa parte, na base de datos da CICAA figura como media de capturas das froas de liña de man no Mediterráneo desde 1983 até 1998 unha cantidade de 199 toneladas, ano en que comezan as restricións da CICAA e da normativa española. Estas capturas son as que poderían ser atribuíbles á frota de tipo artesanal e que encontraba naqueles anos un complemento á súa actividade principal na captura desta especie.

Por outro lado, para as froas de liña de man no Estreito, dado que as súas capturas non aparecen diferenciadas na citada base de datos da CICAA daquelas que se asignaron á frota de canas e liñas de man do Estreito incluída na primeira repartición, cómpre recorrer á captura media dos buques que realizaron actividade nos anos en que estiveron autorizados a pescar, é dicir, de 2010 a 2016, e tras multiplicar esa cantidade polo número de unidades que foron autorizados en 2017, o que nos mostra un valor de 59 toneladas.

Así mesmo, hai que volver integrar no sistema os buques de palangre de superficie como frota con posibilidades de reter as súas potenciais capturas accidentais de atún vermello na súa actividade dirixida ao peixe espada e á quenlla. As capturas anotadas na base de datos da CICAA para os anos en que non existía limitación para a súa retención variaron desde un máximo de 104 toneladas en 1982 a moitos anos sen captura ningunha. Parte desas capturas dos anos 80 foron en captura dirixida a túnidos en augas do Atlántico e, por tanto, non capturas accidentais nas pesqueiras dirixidas a peixe espada ou quenllas.

Desde a publicación da Orde do 17 de febreiro de 1998 pola que se regula a pesca de túnidos no océano Atlántico ao norte de 36° Norte, non é posible armar palangres de superficie que teñan como obxectivo a captura de ningún tipo de atún nesa zona e, por tanto, a referencia ás potenciais capturas de forma fortuíta na actividade dirixida a outras especies nesta frota do censo de palangre de superficie hai que buscalas nas existentes no

período 1998 a 2007, momento a partir do cal se limitou o seu acceso ao recurso en función do plan de recuperación da CICAA e a Orde ARM/1244/2008, do 29 de abril, pola que se regula a pesqueira de atún vermello en Atlántico oriental e Mediterráneo. A media neses anos para o palangre de superficie baixo pavillón español en augas do Atlántico leste foi de 6 toneladas. Dado que no presente real decreto esta frota se vai caracterizar como de pesca fortuíta, considérase conveniente unir as súas cotas ás 5 toneladas que se asignaron en 2017 á frota de corricán da costeira do bonito do norte (*Thunnus alalunga*), de maneira que ambas as frotas poidan facer uso conxunta e indistintamente desa cantidade.

Por último, cabe sinalar que existe unha soa almadraba no Mediterráneo que se dedica como actividade principal á captura de túnidos menores e captura de forma accidental atún vermello que, nos anos previos á primeira repartición, capturaba até 1.500 quilos de atún vermello, polo que foi incluída naquel momento no censo. Na actualidade non se lle atribúe cota pero debe contar con certa cantidade para as súas capturas accidentais. Por isto, débese acrecentar a cantidade para a lista e) de almadrabas para incluír esa cantidade.

Convén, ademais, detraer da cota española unha certa cantidade que se vai reservar no caso de que se supere a cota e para capturas non desexadas e cuxa cantidade se fixa no 0,4 % do total. Dese modo, suprímese o fondo de manobra e resérvase unha simple cantidade de escasa entidade pero que se considera suficiente para cubrir os posibles excesos de pesca que non poidan ser deducidos das frotas correspondentes ou as posibles capturas doutras frotas, que deberán ser comisadas pero contabilizan con cargo á cota española.

Unha vez coñecidas as cantidades históricas capturadas por esas frotas que quedaron relegadas no ano inicial como consecuencia do descenso na abundancia da especie e da aplicación de medidas restritivas da CICAA, restaba determinar que proporción debía ter cada unha respecto da cota española. Por isto deben referenciarse esas cantidades á cifra máis razoable que debe dispor o Reino de España no futuro.

Dado que as primeiras medidas restritivas nas pesqueiras do atún vermello se aplicaron a mediados dos 90 e se tomou como referencia a captura dos anos 1993 e 1994 para a fixación da cota correspondente ao noso país, é esa mesma referencia a que debería ditar a cantidade sobre a que se debería fixar a súa porcentaxe. É por isto que se deben referenciar as citadas cantidades ao momento en que a cota española foi usada para fixar a participación do país no sistema de TAC da CICAA, e que foi de 6.487 toneladas de media entre os anos 1993 e 1994. Esta cifra é moi similar aos máximos capturados por España nos anos máis recentes da serie histórica e unha cantidade que é máis que probable como obxectivo a longo prazo para a cota española.

Non en balde, a CICAA acordou na súa reunión anual de 2017 fixar como obxectivo para 2020 un TAC global de 36.000 toneladas, o que vai supor para España unha cota superior ás 6.000 toneladas.

Ao consignar as cantidades indicadas nos parágrafos anteriores para esa captura obxectivo obtense un 12,4499 % da cota global que pode asignarse, como fai este real decreto, ás frotas diferentes das que se deron en considerar como clásicas.

Esta asignación supón manter un correlativo 87,1501 % da cota nas frotas que dependen de forma significativa do atún vermello ao tempo que se concede unha cota ás demais frotas que viron minguado o seu acceso á pesqueira a medida que se deterioraba o estado do recurso e se establecían medidas cada vez máis restritivas, na proporción equilibrada e acorde cos criterios mencionados nos parágrafos anteriores.

Por todo o anterior, este real decreto nun primeiro nivel detrae da cota total asignada ao Reino de España o 0,4 % para os casos en que se poida superar a cota e para as potenciais capturas accidentais doutras frotas distintas das recollidas nesta norma.

A continuación, empregárase un 87,1501 % para a súa repartición entre os buques que estiveron incluídos desde 2008 como frota de pesca dirixida nas porcentaxes indicadas no artigo 4, en virtude dos criterios que se viñeron usando desde a primeira repartición, atribuíndo un 60 % do peso da repartición a criterios históricos, técnicos e de caracterización do buque e o 40 % restante aos criterios socioeconómicos e de emprego xerado de forma directa en cada sector, tendo, asemade, en conta que non hai unha

diferenza significativa nos criterios ambientais que permita asignar cotas diferenciadas por este concepto. A esta cantidade hai que engadir o 0,0231 % que se debe amecer ás almadrabas para reintegrar a citada almadraba de pequenos peláxicos ao sistema de pesca dirixida previsto na norma reguladora desta pesqueira, polo que a cantidade final para este conxunto será de 87,1732 % da cota española.

Unha vez concluída tal operación, repartírase entre buques individuais de acordo co que fixen as respectivas resolucións en aplicación dos criterios contidos no artigo 4.1.

Da cantidade restante, un 11,6995 % repartírase de forma proporcional ás capturas históricas antes sinaladas ás frots seguintes: frota con base nos portos canarios, frota de artes menores do Mediterráneo, frota de artes menores do Estreito, cuxas capturas se computaron até agora como pesqueiras accidentais.

O 0,7273 % que resta para completar a cota total resérvase para as frots de palangre de superficie e de corricán ao atún branco na costeira do bonito e a frota de recreo.

Convén considerar, así mesmo, as circunstancias da pesqueira de atún vermello. Dentro das medidas recollidas no Plan de recuperación, desenvóléronse sucesivos plans de capacidade e de pesca co obxecto de garantir o axuste do esforzo pesqueiro dos buques de pavillón español, no caladoiro Atlántico oriental e Mediterráneo, coas posibilidades de pesca dispoñibles, en liña coa normativa europea e internacional citada. O dito axuste realizouse, entre outras medidas, mediante a retirada definitiva de unidades desde o ano 2008. A presente norma regula para o futuro a repartición das posibilidades de pesca e os requisitos para a transmisión das posibilidades entre as frots que viñeron operando como pesca dirixida desde 2008 e, polo tanto, garante para o futuro a maior seguridade xurídica posible a todo o sector.

Neste sentido, convén limitar, conforme o estipulado no artigo 28.1.c) da lei, a transmisibilidade das posibilidades de pesca entre buques de distinta lista no censo para manter o equilibrio entre as cotas conforme as áreas de influencia orixinarias dos buques, posto que esas cotas xeran un beneficio socioeconómico nelas que convén preservar. Tan só procede autorizar, conforme o artigo 28.2, a que aqueles armadores con cotas en buques de distinta lista poidan decidir libremente sobre a posibilidade de acumulalas en calquera dos seus buques ou almadrabas.

Así mesmo, convén limitar a posibilidade de transmisión das cotas asignadas ás frots que se inclúen nesta nova repartición ou que reciben cotas adicionais, xa que estas usan a cota non como unha actividade principal senón máis ben como un complemento ás súas actividades en relación con outros túnidos ou especies demersais a cuxa captura vén asociada a do atún vermello. Ademais, esas cotas non poden ser repartidas de forma individual ao non poderse atribuír a ningún buque concreto ante a falta de rexistros. As cotas das listas f), g) e h) non poderán transferirse e deberán ser obxecto de pesca activa ao longo do ano.

Polo demais, debe terse en conta que a presente norma se entende sen prexuízo da aplicación directa das regras contidas no Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de setembro de 2016, e da habilitación que se contén na norma para que a Secretaría Xeral de Pesca determine as condicións específicas de xestión da pesqueira de acordo coas respectivas recomendacións adoptadas pola CICAA, entre outros, no que concirne a tamaños mínimos, capturas fortuítas, portos autorizados, documentación e medidas comerciais.

Na elaboración deste real decreto observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os principios de necesidade e eficacia, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen, como é a correcta e cognoscible repartición das posibilidades de pesca nunha especie de alto valor económico, social e ambiental, xunto coa regulación da súa xestión; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, sen que existan outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios, e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da

Unión Europea, asegurando a súa correcta incardinación e cohesión coa regulación da organización rexional de pesca na materia, o que, pola súa vez, permite cumprir coas obrigacións do Reino de España *ad extra*. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, xa que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, asegurando con isto a máis eficaz aplicación das obrigacións de disciplina no sector de modo que está xustificada pola razón de interese xeral referido, baseándose nunha identificación clara dos fins perseguidos, e transparencia ao garantirse unha ampla participación na súa elaboración, definindo a norma claramente os seus obxectivos, reflectidos no seu preámbulo e na memoria que a acompaña.

Efectuouse o trámite de comunicación á Comisión Europea previsto no artigo 46 do Regulamento (CE) n.º 850/1998 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

Na súa tramitación someteuse a consulta das comunidades autónomas, do sector pesqueiro afectado e do Instituto Español de Oceanografía.

O presente real decreto dítase de conformidade co establecido no título I da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e no marco do artigo 149.1.19.ª da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de febreiro de 2019,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto a regulación da pesqueira de atún vermello (*Thunnus thynnus*) no Atlántico oriental ao leste do Meridiano 45º Oeste e Mediterráneo, as condicións e características da actividade extractiva e outras actividades relacionadas con esta, e demais medidas de regulación do esforzo pesqueiro.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As normas contidas neste real decreto serán de aplicación a todos os buques pesqueiros e almadrabas españois que participen na pesqueira de atún vermello no Atlántico oriental e Mediterráneo, ás granxas localizadas en augas españolas e aos buques doutras nacionalidades que utilicen os portos españois para o desembarque de atún vermello.

Para a aplicación deste real decreto utilizaranse as definicións recollidas no artigo 3 do Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de setembro de 2016, relativo a un plan de recuperación plurianual para o atún vermello do Atlántico oriental e o Mediterráneo e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 302/2009 do Consello, e no punto 2 da Recomendación CICA 2017-07.

##### Artigo 3. *Censo específico da frota autorizada para o exercicio da pesca de atún vermello.*

1. Para a xestión e distribución da cota asignada ao Reino de España, a Secretaría Xeral de Pesca establecerá un censo específico de buques e almadrabas autorizados para capturar de forma activa esta especie e que deberán estar en posesión dun permiso especial de pesca, ordenados nas seguintes frots, que constituirán grupos independentes e cerrados:

- a) Frota de cebo vivo do Cantábrico, caladoiro Cantábrico noroeste.
- b) Frota de canas e liñas de man do Estreito.
- c) Frotas de palangre e liña de man.

- d) Frota de cerco do Mediterráneo.
- e) Almadrabas.
- f) Buques caneiros autorizados a pescar en augas do caladoiro canario.
- g) Frota de artes menores do Mediterráneo.
- h) Frota de buques artesanais no Estreito de captura limitada.

2. Terán dereito a seren incluídos no censo específico, no correspondente grupo por modalidade e caladoiro, os buques que obtivesen autorización e que a utilizasen para o exercicio da pesca dirixida de atún vermello durante os seis anos anteriores a maio de 2008 para as listas dos censos recollidos nas epígrafes a), b), c) e d).

Para a lista e) de almadrabas poderán ser incluídas no censo todas aquelas almadrabas autorizadas e rexistradas na CICAA en 2008.

A lista f) de buques caneiros do caladoiro de Canarias conterá exclusivamente os buques que fosen autorizados a pescar pola Secretaría Xeral de Pesca nos tres anos anteriores á publicación deste real decreto.

Pola súa parte, poderán ser incluídos na lista g), artes menores do Mediterráneo, os buques que poidan demostrar a súa actividade de captura desta especie entre 1983 e a publicación do presente real decreto.

Polo que se refire á inclusión no censo para os buques da lista h), artesanais do Estreito de captura limitada, poderán ser incluídos aqueles buques que estivesen incluídos nas listas de pesca fortuíta correspondentes nos últimos oito anos.

3. A Secretaría Xeral de Pesca publicará o censo específico de buques e almadrabas autorizados á pesca activa de atún vermello, indicando a arte e zona de pesca e as súas actualizacións e as cotas que lles corresponden no «Boletín Oficial del Estado», que se actualizará anualmente por resolución da Secretaría Xeral de Pesca publicada no «Boletín Oficial del Estado» antes do 1 de marzo conforme a disposición adicional primeira.

#### Artigo 4. *Asignación de cotas.*

1. A distribución de cota asignada ao Reino de España realizarase da seguinte maneira:

a) Un 0,4 % detráese do total de cota co fin de cubrir supostos en que se supere a cota e para capturas realizadas por frota non incluídas nos censos do artigo 3.1.

b) Un 87,1501 % da cota asignarase ás frota das epígrafes a), b), c), d) e e) do artigo 3.1 mediante ponderación de todos os criterios previstos nos números 3 e 4 do artigo 27 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, que se modularán mediante a aplicación dos criterios establecidos no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común. Así mesmo, a esta cantidade engádese un 0,0231 % da cota total ás almadrabas para ter en conta as posibles capturas de almadrabas dedicadas a túnidos menores no Mediterráneo.

c) Un 11,6995 % da cota asignarase ás frota das epígrafes f), g) e h) en función do criterio de capturas históricas previsto no número 3.a) do artigo 27 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, tendo en conta que non existen diferenzas significativas en canto aos criterios socioeconómicos e de dependencia dos números 3.c) e 4 do dito artigo 27 e socioeconómicos dos mencionados regulamentos da Unión e que, en consecuencia, se pode atribuír o mesmo valor a todos eles.

d) Un 0,7273 % da cota resérvase para a captura accesoria das frota de palangre de superficie e corricán para o bonito do norte e a pesca recreativa.

2. En aplicación dos criterios sinalados no número anterior, a distribución inicial da cota asignada ao Reino de España distribuirase nas seguintes porcentaxes e cos criterios que a continuación se indican:

a) O 87,1501 % de cota española destinarase aos buques e almadrabas incluídos nos grupos a), b), c), d) e e) do censo específico de atún vermello do artigo 3, e

ponderaranse os criterios consignados no número 1 coa distribución do 60 %, atendendo á historicidade de capturas conforme o artigo 27.3.a) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e dos regulamentos (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e (UE) 2016/1627 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de setembro de 2016, e do 40 % para os criterios socioeconómicos e de dependencia dos números 3.c) e 4 do dito artigo 27 e socioeconómicos dos mencionados regulamentos da Unión. Á lista de almadrabas engadiráselle, conforme o número 1.b), un 0,0231 % para a almadraba de túnidos menores do Mediterráneo.

Distribución da cota entre as frotas das listas a), b), c), d) e e)	
Frotas	Porcentaxe cota inicial asignada para cada grupo respecto ao 87,1501 %
Frota cebo vivo do Cantábrico e noroeste.. . . . .	22,2203
Frota canas e liña de man do Estreito . . . . .	6,8993
Frota de palangre e liña de man. . . . .	14,1313
Frota cerco do Mediterráneo . . . . .	28,9554
Almadrabas . . . . .	27,7937
Total frotas a), b), c), d), e) artigo 3 . . . . .	100

\* Débese engadir un 0,0231 % da cota da lista e) para a almadraba de pequenos túnidos no Mediterráneo.

b) O 11,6995 % de cota destinarase á lista de buques incluídos nas listas f), g) e h), e repartirase entre eles en función da captura histórica desempeñada por cada frota conforme o artigo 27.3.a) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e dos regulamentos (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e (UE) 2016/1627 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de setembro de 2016, tendo en conta que non existen diferenzas significativas en canto aos criterios socioeconómicos e de dependencia dos números 3.c) e 4 do dito artigo 27 e socioeconómicos dos mencionados regulamentos da Unión e que, en consecuencia, se pode atribuír o mesmo valor a todos eles, coas seguintes condicións: nos anos 1965-1981 para a frota con base nas Illas Canarias, de 1983 a 1998 para a frota de artes menores do Mediterráneo e a captura media por buque nos anos en que estiveron activos os buques artesanais no Estreito de captura limitada multiplicado polo número de buques incluídos no censo específico. Así, a asignación para cada frota será a seguinte:

1.º A frota do censo da epígrafe f) con base nos portos canarios dispón do 7,9263 % da cota española.

2.º A frota do censo da epígrafe g) de artes menores do Mediterráneo dispón do 2,8754 % da cota española.

3.º A frota do censo da epígrafe h) de buques artesanais que capturan de forma esporádica a especie en augas do Estreito dispón dun 0,8978 % da cota española.

c) Resérvase un 0,7273 % da cota de España para as frotas que non teñen unha actividade dirixida ao atún vermello da forma seguinte:

1.º Un 0,1696 % para as capturas fortuítas das frotas de buques corricaneiros autorizados para o exercicio da pesca de bonito do norte (*Thunnus alalunga*) no Atlántico nordeste e Golfo de Bizkaia e os buques palangreiros de superficie autorizados nas zonas 2 e 3 da Orde AAA/658/2014, do 22 de abril, pola que se regula a pesca coa arte de palangre de superficie para a captura de especies altamente migratorias.

2.º Un 0,5577 % para a retención de eventuais exemplares mortos na actividade recreativa dirixida a atún vermello de embarcacións da lista sexta e sétima do rexistro de matrícula de buques. Estes buques deberán practicar a captura e solta do atún vermello que chegue vivo ao costado do buque.



3. A Secretaría Xeral de Pesca realizará unha distribución de cota asignando de forma individual posibilidades de pesca a todos os buques e almadrabas contidos nas letras a), b), c), d) e e) do artigo 3.1 atendendo, ao menos, a un dos criterios do artigo 27 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

As posibilidades de pesca correspondentes ás frotas das listas f), g) e h) do artigo 3.1 non se distribuirán de forma individual por buque conforme o artigo 27 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, nin poderán, por tanto, ser obxecto de transmisións conforme o artigo 29 da lei. A Secretaría Xeral de Pesca poderá ditar cada ano resolucións para cada unha destas frotas co fin de fixar as condicións que debe observar a pesqueira para cada temporada, segundo as medidas adoptadas pola CICAA e que poderán conter límites de captura por buque, período de pesca ou asignación a grupos de buques por portos, zonas ou provincias.

Os buques e almadrabas incluídos dentro dun mesmo grupo do censo específico poderán solicitar a xestión conxunta de cota, especificando na solicitude os barcos implicados nesta operación que participarán co total da súa cota asignada no momento de solicitala.

As solicitudes de xestión conxunta de cota, que deberán estar asinadas polos armadores dos buques interesados, presentaranse na Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por medios electrónicos, cando o solicitante se encontre entre os suxeitos recollidos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, en caso contrario, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e dirixiranse ao director xeral de Recursos Pesqueiros.

A Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros deberá comunicar por escrito a autorización desta xestión conxunta. O prazo máximo para resolver e notificar a autorización ou denegación será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da obrigaición de ditar resolución expresa, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 21 de marzo.

Contra a resolución do procedemento, que non esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada, no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que transcorrese o prazo para resolver e notificar, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 5. *Transmisión de posibilidades.*

1. Os buques e almadrabas incluídos no censo específico nas letras a), b), c), d) e e) do artigo 3.1 aos cales se realizou unha asignación individualizada de posibilidades conforme o artigo 4 poderán realizar a transmisión das posibilidades que se lles asignasen baixo as seguintes condicións:

a) Para a tramitación dunha transmisión de posibilidades deberase remitir unha solicitude con, ao menos, dez días de antelación sobre a data prevista para facer uso destas posibilidades.

As solicitudes de autorización de transmisión de posibilidades de pesca, que deberán estar asinadas polos armadores do buque ou almadraba cedente e receptor, presentaranse na Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por medios electrónicos, cando o solicitante se encontre entre os suxeitos recollidos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento das administracións públicas, ou, en caso contrario, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e dirixiranse ao director xeral de Recursos Pesqueiros, cando teñan carácter definitivo, e ao director xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura, cando teñan carácter temporal.

b) A dirección xeral correspondente solicitará o informe preceptivo das comunidades autónomas do porto base do buque ou fronte a cuxa costa se localice a almadraba, de

conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 3/2001, do 26 de marzo. O prazo para a resposta da comunidade autónoma será de sete días hábiles e non será vinculante.

c) Unha vez recibida a resposta da comunidade autónoma ou tras cumprirse o prazo, a dirección xeral correspondente emitirá unha resolución en que acepte ou denegue a transferencia, que deberá ser notificada aos armadores cedente e receptor.

O prazo máximo para resolver e notificar a autorización ou denegación será dun mes. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da obrigación de ditar resolución expresa, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 21 de marzo.

Contra a resolución do procedemento, que non esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante a Secretaría Xeral de Pesca, no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que transcorre o prazo para resolver e notificar, de acordo con disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

d) De acordo co disposto no artigo 28.1.d) da Lei 3/2001, do 26 de marzo, establécese nun 30 % a porcentaxe máxima da cota española que pode acumular unha empresa ou grupo de empresas relacionadas societariamente en virtude das cesións que poidan levarse a cabo segundo o previsto neste artigo, tanto de forma temporal como definitiva. Esta porcentaxe calcularase en relación coa cota total do Reino de España para cada campaña.

e) Cada armador poderá transmitir de forma temporal o total ou unha parte das posibilidades de pesca que se lle asignasen a un ou varios buques ou almadrabas pertencentes ao mesmo grupo ou distinto grupo.

Cando a transmisión temporal o sexa polo total da cota dispoñible para ese buque ou almadraba, isto implicará o abandono da pesqueira durante o ano en que se realice a cesión, aínda que o buque ou almadraba cedente poderá manterse no censo específico.

f) A cesión de carácter definitivo soamente se poderá levar a cabo polo total da cota asignada do buque ou almadraba cedente e a un ou varios buques ou almadrabas pertencentes ao mesmo grupo do artigo 3.1 e suporá o abandono definitivo do exercicio da pesqueira e, por tanto, do censo do buque ou almadraba cedente.

Tan só no caso de buques pertencentes a unha mesma empresa armadora se poderá proceder á transmisión de posibilidades de forma definitiva dun a outro grupo do artigo 3.1, conforme o estipulado no artigo 28.2 da lei, aínda que os buques ou almadrabas implicados non estean no mesmo grupo do censo.

O cedente deberá dispor, no momento da transmisión, do total da cota anual asignada sen tela consumido parcialmente antes da cesión para que esta poida ser utilizada polo buque receptor no mesmo ano en que se realiza a cesión. Se non é así, a cesión poderase facer pero só producirá efecto a partir do 1 de xaneiro do ano próximo, e co resto de cota non consumida poderase facer unha cesión parcial para o que queda do ano en curso.

g) Un buque acollido a paralización definitiva da actividade pesqueira que recibise axudas públicas ao desmantelamento non poderá ceder as súas cotas de maneira definitiva. A cota dos buques que se acollan a tales axudas acrecerá a dos buques ou almadrabas incluídos no seu mesmo grupo en proporción ás cotas de que dispoñan.

h) As posibilidades sobrantes non utilizadas por un dos grupos establecidos polo artigo 3 cando se peche a súa pesqueira, se non foron obxecto de cesión previa, poderá redistribuílas o director xeral de Recursos Pesqueiros entre os demais grupos de buques e artes incluídos no censo específico que mantexa aberta a súa pesqueira, segundo as mesmas porcentaxes e, dentro de cada grupo, en función da repartición interna que se decidise.

2. Polo que se refire aos buques das listas contidas nas epígrafes f), g) e h) e dado que non existe unha repartición individualizada, non se poderán realizar transferencias de cota a outros censos, nin sequera de maneira temporal, e deberase pescar a cota cada ano de forma activa.

Artigo 6. *Medidas de xestión da pesqueira.*

Mediante resolución da Secretaría Xeral de Pesca determinaranse as condicións específicas de xestión da pesqueira de acordo coas respectivas recomendacións adoptadas pola CICA.

Artigo 7. *Pesca deportiva e recreativa.*

1. O exercicio da pesca deportiva e recreativa só poderá realizarse cando exista cota dispoñible. No seu exercicio adoptaranse en todo momento as medidas necesarias para asegurar a devolución con vida dos atúns capturados.

2. Cando non se puidese evitar a morte dun exemplar de atún vermello deberase cesar a actividade de captura e solta e, sempre que haxa cota dispoñible, deberase realizar a preceptiva declaración de captura en que se detalle o peso e o tamaño do exemplar e desembarcalo enteiro, e prohibirase a súa comercialización.

Artigo 8. *Medidas de control.*

1. Conforme o disposto no artigo 32 do Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de setembro de 2016, os buques autorizados a pescar atún vermello e aqueles que o pescan de maneira accesoria só poderán transbordar as súas capturas, logo de autorización da Secretaría Xeral de Pesca, que establecerá as condicións e requisitos, nos portos autorizados.

As solicitudes de transbordo asinadas polos armadores implicados presentaranse na Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por medios electrónicos, cando o solicitante se encontre entre os suxeitos recollidos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou, en caso contrario, en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e dirixiranse ao director xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura.

A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura notificará aos armadores dos buques a autorización correspondente nun prazo máximo de setenta e dúas horas. Transcorrido o dito prazo sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da obrigaçión de ditar resolución expresa, de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 21 de marzo.

Contra a resolución do procedemento, que non esgota a vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante a Secretaría Xeral de Pesca, no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que transcorre o prazo para resolver e notificar, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Os capitáns dos buques que pesquen atún vermello realizarán unha comunicación previa ao desembarque conforme o disposto no artigo 31 do Regulamento (UE) n.º 2016/1627 do Parlamento Europeo e o Consello, do 14 de setembro de 2016, segundo as condicións que estableza a Secretaría Xeral de Pesca.

Se o caladoiro de pesca se encontra a menos de catro horas do porto, as cantidades estimadas de atún vermello retidas a bordo poderán modificarse en calquera momento antes da chegada.

En caso de desembarque en porto doutro Estado membro, ademais desta comunicación, realizarase outra ás autoridades do Estado membro de desembarque nos termos que ese Estado indique.

En caso de desembarque nun porto non pertencente á Unión Europea, ademais da comunicación nos termos en que o terceiro país dispoña, deberase remitir á Subdirección Xeral de Control e Inspección da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de forma inmediata, copia da folia do diario onde figuren todos os datos do desembarque.

Artigo 9. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do previsto no presente real decreto será sancionado conforme o disposto no título V, sobre réxime de infraccións e sancións, da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Disposición adicional única. *Censo buques autorizados.*

O censo específico establecido no artigo 3 recollerá todas as transferencias definitivas de cota operadas até a data de entrada en vigor do presente real decreto e será publicado cada ano coas debidas actualizacións en función das transferencias autorizadas conforme o artigo 5.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes normas:

1. Do Real decreto 71/1998, do 23 de xaneiro, polo que se regula o exercicio da pesca de túnidos e especies afíns no Mediterráneo:

- a) O artigo 2.a).
- b) O artigo 6.
- c) A fila reguladora do atún vermello da táboa do artigo 7.
- d) O artigo 10.
- e) O primeiro parágrafo do artigo 14.
- f) A disposición adicional primeira.
- g) A disposición adicional segunda.

2. A Orde APM/264/2017, do 23 de marzo, pola que se regula a pesqueira de atún vermello no Atlántico oriental e no Mediterráneo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES